

UNHA ACHEGA AOS PROCESOS DE CAMBIO NA GALICIA RURAL A TRAVÉS DA ANÁLISE DOS CONCELLOS DE BRIÓN E DE PADRÓN (1850-1970)

MARÍA PILAR FREIRE ESPARÍS
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 27 de xullo de 2007

Aceptado: 8 de novembro de 2007

Resumo: Os concellos coruñeses de Brión e de Padrón, inseridos ambos os dous nun mundo de innegable protagonismo agrario e en zonas moi próximas xeograficamente, amosan, non obstante, na súa paisaxe actual as pegadas dunha evolución histórica con características socioeconómicas e demográficas diferenciadas. Lonxe de revestir estas diferenzas un caso excepcional no territorio de Galicia, caracterizado como é notorio pola súa marcada diversidade interna dentro dun conxunto máis amplo de notable uniformidade, subministra abundantes elementos de análise para achegármolos a unha máis acaída comprensión dos procesos de cambio na Galicia rural na época contemporánea.

Palabras clave: Economía municipal / Brión / Padrón / Galicia / Economía campesiña.

AN APPROACH TO THE PROCESSES OF CHANGE IN RURAL GALICIA BY THE ANÁLISIS OF THE MUNICIPALITIES OF BRIÓN AND PADRÓN (1850-1970)

Abstract: The municipalities of Brión and Padrón, both of them inserted in a world of undeniable agrarian protagonism and in very close geographical areas, however show in their present landscape the tracks of an historical evolution with socioeconomic and demographic characteristics differentiated. Far from having these differences or exceptional case in the territory of Galicia, characterized as it is well-known by its noticeable internal diversity within an ample set of remarkable uniformity, it provides abundant elements of analysis to come close to a more sensible understanding of the processes of change in rural Galicia at the contemporary time.

Keywords: Municipal economy / Brión / Padrón / Galicia / Peasant economy.

Desde a nosa Luaña.

1. INTRODUCCIÓN

Nun artigo publicado no ano 1977 escribía o profesor A. Suárez que “*el fracaso de los polos de desarrollo en Galicia, pese a la gama de estímulos fiscales y crediticios nada despreciables, se debe en gran medida a la falta de capacidad empresarial; se daba por supuesto un espíritu empresarial que no existía. Si exceptuamos a ciertos sectores y localidades en Galicia, no existe tradición industrial...*” (Suárez, 1977). A afirmación anterior invitaba a realizar unha reflexión sobre o alcance da actividade empresarial no mundo agrario nun momento en que se aceleran os procesos de cambio. A análise da dinámica económica de dous concellos coruñeses permiten unha achega ao discorrer da actividade empresarial nese marco. Brión e Padrón, inseridos ambos os dous nun mundo de innegable protagonismo agrario e en zonas moi próximas xeograficamente, amosan, non obstante, na súa paisaxe as pegadas dunha evolución histórica con características socioeconómicas e demográficas diferenciadas. En Padrón, a existencia dunha certa tradición empresarial explicaría en parte a súa conversión nas últimas décadas do pasado século en

asento dunha importante actividade empresarial, mentres que Brión continuou nunha vía de evolución centrada nas actividades agraria e forestal ata a actualidade.

Brión, que carece dunha vila que focalice a vida municipal, presenta o exemplo máis acaído de evolución do coñecido como modelo agrario tradicional, un peso esmagador da explotación familiar asentada sobre o policultivo de subsistencia, cun elevado grao de autoexplotación de toda a forza de traballo familiar. Pola súa parte, Padrón é a cabeceira dunha comarca que combinou as actividades agrarias coas actividades manufactureira, industrial e de servizos. No Concello de Padrón, a vila do mesmo nome foise configurando ao longo do século XIX como capital dunha comarca agrícola na que agromaba unha tendencia a primar os produtos hortofrutícolas, á vez que mantiña unha actividade artesanal e unha certa actividade industrial centrada no coiro e na fabricación dos lenzos. Estas actividades transformadoras súmanse ás comerciais típicas dunha vila de longa tradición mercantil estreitamente vinculada economicamente ao núcleo principal de Santiago de Compostela.

Ambos os dous concellos ocupan unha área xeográfica ben caracterizada e, así mesmo, ben delimitada desde a creación da administración municipal na primeira metade do século XIX¹, no suroeste da provincia da Coruña (mapa 1) e inserida na zona central, segundo definición de A. Bouhier de “grandes agras clásicas” (Bouhier, 1979, t. I, p. 282). Na Galicia dos dez mil ríos non sorprende a continua referencia ás canles fluviais á hora de marcar os lindeiros parroquiais e municipais.

Brión, cunha superficie de 73,8 quilómetros cadrados, está situado ao oeste de Santiago de Compostela, entre os termos municipais de Negreira, Ames, Teo, Rois, Lousame, Noia e Outes. O concello esténdese nun espazo comprendido entre os límites definidos ao norte polo río Tambre, que discorre actuando como lindeiro natural con Negreira, e unha parte oriental drenada polo río Sar antes da súa confluencia co Ulla.

No ano 1860, o Concello de Brión contaba con 5.507 habitantes e no ano 2002 alcanzaba os 6.437 distribuídos entre as nove parroquias que o conforman: Os Ánxeles, San Salvador e San Xulián de Bastavales, Boullón, Brión, Cornanda, Luaña², Ons e Viceso. A densidade de poboación na última data era de 87,2 habitantes por km².


¹ No século XVIII, as actuais parroquias do Concello de Brión atopábanse repartidas en dúas xurisdicións. Así, Sta. María de Ánxeles, S. Xulián e San Salvador de Bastavales, S. Fiz de Brión, Sta. María de Cornanda e S. Xulián de Luaña pertencían á xurisdición de Altamira, mentres que S. Miguel de Boullón, Sta. María de Ons e Sta. María de Viceso formaban parte da Maía. Polo que respecta ás parroquias padronesas, Sta. María de Herbón, Santiago de Padrón e S. Xulián de Requeixo pertencían á xurisdición de Padrón; e S. Pedro de Carcacía e Sta. María de Rumille á de Xiro da Rocha (Río Barja, 1990). Ambos os dous espazos constituíron un lugar de frecuente enfrontamento entre os dous grandes señores xurisdicionais da comarca, representados polo arcebispo de Santiago e polo Cabido Catedralicio dunha parte, e polo conde de Altamira doutra.

² Espazo vital ao que o profesor Suárez (1979) dedicou un emotivo libro de grande interese etnográfico. O santo patrón de Luaña tivo fama de milagreiro en toda a comarca. Se cadra, o seu poder máis famoso era o de provocar a chuvia en épocas de seca. Ademais, tiña fama de ser un santo guapo e conquistador, tal e como se reflicte nalgunha copla popular:

*San Xulián de Luaña
é un santo pequeniño
moito lle gusta ás nenas
bailar con el no muíño.*

No conxunto parroquial, as cinco primeiras son as que en maior medida se ven influenciadas pola proximidade xeográfica a Santiago de Compostela, o que se reflicte hoxe na diversidade profesional da súa poboación. Integran estas unha parte do concello que tradicionalmente se coñece co nome de “zona de abaixo”, integrada, a súa vez, na comarca natural da Maía (Río Barja, 1962). As catro parroquias restantes, inseridas na denominada “parte alta” do concello, son na actualidade máis rurais.

Mapa 1.- Localización dos concellos de Brión e de Padrón



FONTE: Elaboración propia.

No extremo suroccidental da provincia coruñesa, alí onde o río Ulla recolle pola súa dereita as augas do Sar e marca o límite coa provincia de Pontevedra, sitúase o Concello de Padrón, ocupando unha extensión de 48,5 km². Este termo municipal comprende dous vales en ángulo, formados polos últimos tramos dos dous ríos mencionados anteriormente, e no seu vértice atópase a capital.

No ano 1860, as cinco parroquias que integraban o concello padronés eran Carcacia, Cruces, Herbón, Iria e Padrón, e contaban con 8.017 habitantes. Acolle no ano 2002 unha poboación de 9.242 habitantes e alcanza unha densidade de 190,6 habitantes por km².

Na distribución xeográfica da poboación obsérvanse claras diferenzas entre os dous concellos ao longo de todo o período estudado. Decatémonos tan só agora de que Padrón rexistra unha maior concentración poboacional. Así, a densidade de poboación padronesa alcanzou os 206,6 habitantes por km², no ano 1991, mentres que en Brión nesta mesma data tan só se rexistran 86,4; coa particularidade de que neste caso se trata dunha poboación moito máis diseminada, repartida entre 106 entidades singulares de poboación, o que contribúe a acentuar decisivamente a imaxe máis matizada do territorio brionés.

Da evolución contrastada dos dous concellos de referencia entre os anos 1860 e 2001 cómpre agora salientar que, mentres que en Brión os niveis máis altos de crecemento da poboación se dan nas décadas centrais do século XX, en Padrón o aumento de poboación faise máis notable a partir da década dos anos oitenta dese mesmo século, coincidindo co descenso do número de activos agrarios (cadro 1).

Cadro 1.- Nº de habitantes e índice de crecemento poboacional. Municipios de Brión e de Padrón (1860-2001)

	BRIÓN		PADRÓN	
	Poboación	Índice 1900=100	Poboación	Índice 1900=100
1860	5.507	96,9	8.017	108,1
1877	5.666	99,7	8.402	113,3
1887	5.756	101,3	7.664	103,3
1900	5.681	100	7.415	100
1910	5.836	102,7	7.163	96,6
1920	5.792	102,0	7.148	96,4
1930	6.129	107,9	7.351	99,1
1940	6.811	119,9	8.189	110,4
1950	6.966	122,6	8.505	114,7
1960	6.642	116,9	8.170	110,2
1970	5.679	100,0	8.102	109,3
1981	5.942	104,6	9.796	132,1
1991	6.375	112,2	10.019	135,1
2001	6.292	110,7	9.295	125,3

FONTE: Elaboración propia a partir dos correspondentes censos de poboación.

2. BRIÓN: A VÍA CARA Á ESPECIALIZACIÓN GANDEIRA E FORESTAL

O Concello de Brión continuou unha vía de evolución centrada en exclusiva, poderíamos dicir, na actividade agraria e, posteriormente, tamén na forestal. Non sería ata ben entrado o século XX cando Brión se orientou claramente cara a unha especialización gandeira, e non se observou ata tempos moi recentes unha presenza destacable de actividades manufactureiras e comerciais complementarias no seu espazo municipal, aínda que si na súa contorna, o que necesariamente deixaría a súa pegada no Concello.

Brión é un territorio que se caracteriza pola dedicación case exclusiva da súa poboación á actividade agraria, e esta característica non se modifica substancialmente o que, obviamente, non quere dicir que non experimente os procesos de cambio comúns á agricultura galega durante o período estudado.

A mediados do século XIX, en todo o territorio brionés domina o “policultivo de subsistencia”, que descansa na alternancia de cultivos básicos (millo, centeo...) con outras producións agrícolas e co mantemento dunha cabana gandeira, de vacún e mular fundamentalmente. Sinalemos tamén que a ampliación da función produtiva do monte, necesaria para poder manter a armazón agraria tradicional, non foi un atranco fundamental para o aproveitamento da súa riqueza madeireira.

Nos anos centrais da década de 1840, Madoz, no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España*, ofrécenos a seguinte descrición da economía brionesa cando anota nunha das súas entradas que: “*las producciones más comunes son el trigo, centeno, maíz, patatas, lino, frutas y legumbres; se cría ganado de todas las especies. Industria: la agrícola, molinos harineros, telares y varios artesanos, y comercio el que les proporcionan los mercados inmediatos*” (Madoz, 1845, t. I, p. 169).

A detallada información que nos proporciona o Anuario Bailly-Bailliere, publicado no ano 1913, permítenos coñecer as principais actividades desenvolvidas no concello para a mesma data. Así, a principal produción é “*maíz, centeno y habichuelas, con abundancia de pinos y otros árboles maderables*”, sendo este o primeiro momento no que se fai referencia explícita á riqueza madeireira de Brión. Seguidamente, detállanse os establecementos industriais e de servizos, como unha fábrica de curtidos (propiedade de José López), un muíño de faríña (pertencente a Modesto Martínez), catro carpinterías, tres cererías, etc.

Da lectura da *Geografía general del Reino de Galicia*, publicada xa ben entrado o século XX, poderíase deducir que apenas se produciron cambios no transcorrer dos noventa anos que separan a publicación do Carreras Candi do Madoz. Apúntase no primeiro, verbo do conxunto do municipio, que: “*las producciones más comunes de este ayuntamiento son: trigo, centeno, maíz, patatas, hortalizas, legumbres y frutas. Es de toda especie el ganado que en él se cría, pero el que más abunda es el vacuno*” (Carreras Candi, 1936, vol. VI, t. 3, p. 470). Cómpre sinalar tamén que na citada *Geografía* non se efectúa referencia ningunha á actividade industrial no concello ao que nos estamos a referir, pero si atopamos na descrición particularizada de cada parroquia unha breve mención a que San Fiz de Brión “*cuenta con fábricas de curtidos y suela*”.

Pero baixo a aparente estabilidade que parecen mostrar as similares producións das terras de Brión descritas nun e noutro texto, o mundo agrario estaba a vivir importantes tentativas de cambio que, de paseniño, terminarían por impoñerse. Nas décadas centrais do século XIX e nas seguintes, os labregos de Brión, ao igual ca os de Padrón e de moitas outras zonas de Galicia, tentaron primeiro facerlles fronte aos elementos que pugnaban por desarticular o vello mundo agrario (Rodríguez

Galdo e Dopico, 1978, 1981)³, imprimíndolle un maior desenvolvemento e amplitude ao proceso de intensificación de cultivos que, como sabemos, se deu na segunda metade da centuria decimonónica, acompañado dunha racionalización e adaptación do sistema de rotacións e por un, en principio tímido, proceso de substitución selectiva de cultivos, ao tempo que se producía o afianzamento do millo e da pataca. Ata a segunda década do século XX non principiará un proceso decidido de especialización de cultivos propios de agriculturas cunha orientación máis marcadamente mercantil, que no noso caso pasaría pola progresiva atención prestada aos cultivos de alimentación animal en detrimento dos cereais tradicionais (como aconteceu sinaladamente na “parte alta” do concello, mentres que na baixa coexistiría o anterior coa orientación hortofrutícola). No tempo de vixencia do proceso intensificador, a ampliación da función produtiva do monte (como soporte da agricultura tradicional) revelouose coma un elemento fundamental á hora da consolidación e diversificación do policultivo de subsistencia.

Un proceso caracterizado pola intensificación do uso do solo agrario e da función produtiva do monte e, á vez, polo abundante emprego de técnicas de tipo tradicional (Dopico, 1982) é altamente dependente dun elevado número de brazos. Desde esta perspectiva, enténdense en toda a súa rica complexidade os mecanismos demográficos desenvolvidos en Brión, e adoptados a unha pequena distancia tamén por Padrón axeitándoos á súas propias peculiaridades (Freire Esparís, 2004). Os requirimentos en forza de traballo coexistirán, sen contradicirse, coa presenza dunha elevada emigración masculina e coa acentuación dos mecanismos consuetudinarios que pugnan por manter a integridade do patrimonio familiar para asegurar a consecución da reprodución da explotación campesiña.

O proceso de especialización agraria que coñecemos para o conxunto de Galicia (Rodríguez Galdo, 1985; Barreiro Gil, 1990; Fernández Prieto, 2000), que se poñería en marcha con certas vacilacións desde os anos da chamada crise finisecular, adopta en Brión certos trazos particulares. Para o veciño Val de Barcala, Liñares (1986) estudou as repercusións da instalación no ano 1888 da Granxa Agrícola Experimental da Coruña, que significaría a creación no ano 1904 dun centro de experimentación na Baña dirixido por capataces e por peritos. Cabe pensar que esta iniciativa da Administración tería algún efecto de arrastre sobre as terras brionesas. Si están ben testemuñadas as varias tentativas de levar a cabo un programa de “progreso” no agro protagonizadas nas primeiras décadas do século XX polo movemento societario campesiño, que chegou a contar, que saibamos, con cinco sociedades⁴.

³ Os factores fundamentais que no século XIX condicionaron o proceso de desarticulación da agricultura tradicional galega foron a actuación do capital comercial, especialmente intensificando as exportacións de produtos agrarios, a prolongada crise da industria rural, a progresiva monetización e incremento dos impostos, así como a práctica do crédito usurario.

⁴ As sociedades existentes no Concello de Brión eran o “Centro Social Agrícola y Pecuario de Bastavales” (1908), o “Sindicato Agrícola Pecuario de Santa María de los Ángeles” (1908), “La Moderna de Brión” (1916), a “Sociedad Unión Agrícola de Ons y sus contornos” (1917) e a “Liga de Defensa Agraria del Término Mncipal de Brión” (1922) (Liñares Giraut, 1986).

A parroquia de Bastavales foi unha das primeiras en crear este tipo de organizacións⁵.

A teima no progreso técnico que obsesionaba ao movemento societario, e non só ás sociedades de inspiración católica, tiña tamén un alcance político na medida en que cuestionaba o sistema político da restauración que tiña un dos seus alicerces no sistema caciquil e no mantemento dun sistema impositivo altamente discriminatorio para a economía campesiña. Non estraña por iso que as experiencias asociativas foran alentadas tamén desde a emigración americana, neste caso desde Cuba, a través da actuación da Sociedade “Protección Mutua de Hijos de Bastavales” (Peña Saavedra, 1991, p. 399) ou mesmo contribuíndo economicamente ao sostén doutra como a “Sociedad Unión Agrícola de Ons”, como deixou testemuña Manuel Freire en correspondencia datada na Habana en decembro do ano 1919 e en xaneiro do ano 1920⁶. A guerra civil de 1936-1939 cortaría de raíz o agromar do movemento cooperativo. En Brión, coma no conxunto de Galicia, houbo que agardar ata as décadas de 1950 e de 1960 para retomar unha vía que conduciría á modernización agraria baixo outros presupostos político-económicos ben diferentes. Cabe, non obstante, salientar a este respecto a aposta persoal de directivos e de membros da Axencia de Extensión Agraria da comarca de Negreira⁷ que, apoiados por determinados párrocos e xerarcas eclesiásticos, conseguirían importantes logros a escala do desenvolvemento agrario comarcal⁸ aproveitando as mesmas directrices e as organizacións do réxime franquista daqueles anos. Neste contexto nacería en terras de Barcala a Sociedade Cooperativa Feiraco⁹ en outubro do ano 1968 que, liderada por Jesús García Calvo, agrupaba no ano 1972 a máis de cinco mil cooperativistas cunha participación importante nela de labregos do Concello de Brión¹⁰.

Mención especial merecen os recursos madeireiros do concello brionés. De feito, a explotación forestal constitúe hoxe unha importante actividade “de auxilio”¹¹ para os campesiños do concello, unha vez que a modernización agraria alterara en

⁵ A sociedade de Bastavales tiña como principais obxectivos: “a) fomentar y defender los intereses morales de sus asociados, inscritos a títulos de agricultores; b) procurar mejorar y recabar del Estado, provincia o municipio, vías de comunicación, canales de regadío y todas aquellas mejoras de utilidad pública que se juzgan necesarias para la comarca; c) la creación de una biblioteca en el local social, para la mayor difusión de la cultura e ilustración de sus socios; d) evitar, por todos los medios a su alcance, dentro de su más sana moral, que los asociados entablen pleitos entre sí por fútiles motivos; e) proceder a la creación de seguros de ganados; f) adquirir semillas, abonos, plantas, maquinaria y otros útiles que se consideren necesarios para mejorar y aumentar tanto la producción agrícola como la forestal” (Río Barja, 1962, p. 236).

⁶ Correspondencia reproducida en Freire (2004).

⁷ Comarca integrada polos concellos de Negreira, A Baña, Ames, Brión e Santa Comba.

⁸ Entre os importantes logros conseguidos cabe citar a posta en marcha da concentración parcelaria, melloras nos sistemas de cultivos, gandería estabulada, etc. (Rodríguez Troncoso, 1995).

⁹ Experiencia empresarial que Suárez (1995, p. 265) apunta como “un exemplo de desenvolvemento económico desde abaixo e desde dentro, que soubo empregar os recursos e potencialidades da zona”.

¹⁰ Os socios de Feiraco pertencían aos concellos de Negreira, Ames, A Baña, Santa Comba, Mazaricos, Rois e o Val do Dubra, ademais dos xa mencionados de Brión.

¹¹ A pesar da recente expansión forestal, na década de 1980 Brión conservaba unha alta densidade de vacún, situándose en torno a 40 vacas por quilómetro cadrado, segundo datos de Prada Blanco (1991, p. 143).

profundidade as funcións secularmente cumpridas polo monte de soporte da armazón agraria. Trátase dun feito relativamente novo, pois aínda no ano 1956 a superficie arborada do concello non acadaba o 30% da súa superficie total (Prada Blanco, 1991, p. 65) mentres que no ano 1986 ocupaba preto do 50%; pola contra, non figuran as súas terras entre as de aptitude forestal segundo anota Prada (Prada Blanco, 1991, p. 67). A ruptura do equilibrio entre as terras de labor e o monte –o “*inculto desarrollado*” na terminoloxía acuñada por Bouhier (1979)– propiciou a reconversión deste espazo para usos forestais, acelerando o proceso que nesta dirección viña alentando a Administración desde os anos corenta do pasado século XX coas masivas repoboacións con especies de ciclo curto, favorecidas estas, á súa vez, polos problemas de recoñecemento legal da propiedade colectiva dos montes; un problema que se arrastraba desde a implantación da lexislación liberal, que non recoñeceu legalmente as formas de propiedade colectiva dos montes vixentes en Galicia. Ata o ano 1968 non se promulgou a primeira lei de montes veciñais en man común. O baleiro legal explica en parte a redución dos “montes abertos” no concello que, de representar máis dun 30% aínda no ano 1956, descenderan a menos dun 15% no ano 1986 (Prada Blanco, 1991, pp. 68-69). A expansión das especies forestais de crecemento rápido (primeiro piñeiros e na actualidade eucaliptos, que ocupan xa unha importante masa forestal no Concello de Brión) viuse favorecida, así mesmo, polo elevado grao de avellentamento da poboación rural e pola crecente práctica da agricultura a tempo parcial.

A abundancia de recursos forestais en Brión tivo xa o seu reflexo na instalación de serradoiros desde os anos anteriores á guerra civil española. O serradoiro máis antigo estableceríase na aldea de Perros (Os Ánxeles). O seu propietario era o empresario Joaquín Pereira Andreu, de orixe portuguesa, e ademais tiña outros establecementos en Luou e en Catoira. Na parroquia de San Xulián de Bastavales puxéronse en funcionamento en torno ao ano 1940 dous serradoiros máis. O primeiro, propiedade de Marcelino Lema Lobato, tiña as súas instalacións no lugar de Sabaxáns e estivo en funcionamento ata mediados da década de 1990¹². O segundo, localizado en Chave, foi fundado por Ramón Penide e segue funcionando na actualidade, aínda que a súa principal actividade xa non é a serra senón que se dedica fundamentalmente á transformación da casca das árbores. O tipo de madeira máis empregado nestas instalacións era o piñeiro, dado que tamén era a especie máis abundante no concello e que substituíu os castiñeiros e os carballos¹³, especies pre-

¹² No ano 1987 figura a empresa entre os serradoiros galegos cunha facturación superior aos douscentos millóns de pesetas (declara 360) e 32 traballadores (Prada Blanco, 1991, p. 177). Dous anos máis tarde seguía figurando nesa relación e contaba con 30 empregados (*Anuario-Guía de industriales y profesionales. Galicia* (1989)).

¹³ “*El paisaje agrario sufrió desde el siglo XVIII cambios de cierta importancia. El primero que se observa es el considerable aumento de los bosques, con un setenta por ciento del total comarcal, y el cambio del arbolado de robles y castaños en pinares, que caracterizan hoy el paisaje occidental de Galicia y, como consecuencia, el notable descenso del ganado ovino. El aumento de tierras labradas, que hoy alcanza una cuarta parte del total del valle y un ochenta por ciento de las tierras cultivadas, es el segundo cambio importante*” (Río Barja, 1962, p. 213).

dominantes a mediados do século XVIII segundo datos do Catastro de Ensenada.

No *Anuario-Guia de industriales y profesionales. Galicia*, do ano 1989, figuran tres empresas localizadas no Concello de Brión, e máis concretamente na parroquia de Bastavales, e as tres dedícanse a actividades relacionadas directamente co sector madeireiro. As dúas primeiras, xa mencionadas, son as pertencentes a Marcelino Lema Lobato e a Ramón Penide Fraga, que figuran como serradoiros, e a terceira –Industrias Casal– trátase dunha carpintería incluída na “Asociación Provincial de Empresas de Carpintería e Ebanistería de La Coruña”.

Por último, queremos facer unha breve referencia ao problema dos intercambios no espazo brionés remontándonos ata os albores do século XVIII. A atomización de feiras e mercados que caracteriza a fase de subsistencia da agricultura tradicional en Galicia e, máis en particular, as dificultades que se opoñen á integración de mercados no século XIX (García-Lombardero, 1973; López Taboada, 1986)¹⁴, teñen a súa correspondencia nun municipio predominantemente agrario como Brión. Non sorprende, pois, que a súa área se insira na rede de feiras e mercados ben descrita nos anos finais do século XVIII e nos anos iniciais do XIX por ilustrados como Cornide¹⁵ e Labrada¹⁶. Quedou constancia tamén nos fondos documentais do Concello de Santiago, conservados na actualidade no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, da creación de feiras neste actual municipio, apenas distante trece quilómetros do núcleo compostelán, como as de Bastavales, Pedrouzos¹⁷ e O Tremo, sendo as dúas últimas as que tiveron unha maior persistencia no tempo, dado que se celebraron ata a década de 1970.

Se consideramos que os límites municipais non establecen ámbitos de relación económica predeterminados, tratándose máis ben de lindeiros administrativos, non temos que considerar que os intercambios comerciais a escala microterritorial se cinguiran ás feiras establecidas no concello. Así, sabemos que ata as feiras e mercados celebrados en Negreira, Vilachán e Urdilde –estes dous últimos no limítrofe Concello de Rois– e Barouta en Ames (González Pérez, 1998, p. 194) se desprazaban os labregos das parroquias de Brión para o intercambio das súas producións agropecuarias.

Non esquecemos tampouco que a proximidade ao centro urbano de Santiago constituíu en todo momento un poderoso polo de atracción, que se traduciu nun transvasamento constante de man de obra do sector primario cara ao terciario: ser-

¹⁴ Para o estado das vías de comunicación, véxase Barreiro Gil (2001).

¹⁵ *Informe sobre los puertos y caminos de Galicia*. Archivo Histórico del Reino de Galicia. Sección XII. Papeles de Cornide. Atado 113, nº 216.

¹⁶ “Descripción de los caminos antiguos y modernos del Reino de Galicia”, en J.L. Labrada (1804): *Descripción económica del Reino de Galicia*, pp. 153-179.

¹⁷ A feira de Santa Minia, que se celebraba o último sábado de cada mes no lugar de Pedrouzos, a pesar de presentar un reducido radio de acción constituíu un dos principais centros de intercambio de produtos básicos para os habitantes do Concello de Brión.

vizo doméstico, construción e, en menor medida e máis recentemente, industrial. A iso hai que engadir outro fenómeno facilmente observable nas tres últimas décadas, facilitado tamén pola mellora nas vías de comunicación: a complementariedade da residencia no campo, sen abandono da actividade agraria, coa actividade no sector industrial ou nos servizos no mundo urbano próximo. Fóra tamén dos límites temporais do traballo, pero de interese para unha mellor comprensión da evolución histórica do concello, hai que sinalar a existencia no propio termo municipal dun tecido empresarial máis diversificado que comprende pequenas e medianas empresas de construción (as máis numerosas), madeireiras, de instalacións eléctricas, talleres de carpintería, cooperativas de confección de roupa, panaderías, etc.

3. PADRÓN: A FORMACIÓN DUN TECIDO MANUFACTUREIRO COMBINADO COA ACTIVIDADE AGRARIA

Padrón é a cabeceira dunha comarca ben definida na que de maneira notoria se deu unha combinación, desde o arranque do seu longo proceso de modernización económica, de actividades agrarias coas actividades manufactureiras, industriais e de servizos. No período 1850-1970, aínda mantendo a súa preponderancia a agricultura en todo o ámbito xeográfico –posuíndo, neste caso, a vocación hortofrutícola e a produción forestal certas peculiaridades no seu proceso de evolución cara á modernización do sector–, o concello acolleu outras actividades económicas que, no campo da manufactura e da industria, tiveron principalmente na capital do municipio o seu centro de desenvolvemento. Pensemos nas téxtiles lencerías, e logo tamén algodoeiros, nos curtidoiros ou na azucreira, actividades que na historia industrial de Galicia significaron puntos de arranque dun proceso centrado de desenvolvemento que, aínda que “frustrado” nos seus aspectos fundamentais, encerraron, no caso que nos ocupa, elementos dunha organización industrial máis próxima á mobilización dos recursos endóxenos da zona, entre os que necesariamente se inclúe o agromar dunha certa cultura empresarial.

Estas actividades transformadoras, non limitadas tampouco ás anteriores (pois é obrigada a referencia aos serradoiros, que cobrarán unha especial importancia na etapa final do período que analizamos, á fábrica de lámpadas e a outras pequenas industrias de bens de consumo), súmanse ás comerciais típicas dunha vila (no caso de Padrón) de longa tradición mercantil estreitamente vinculada economicamente ao núcleo principal de Santiago de Compostela (Dopico e Barreiro, 1978; Vigo Trasancos, 1999) e punto estratéxico do eixe Santiago-Porto de Carril, de especial importancia nos anos finais do século XVIII¹⁸, véndose reforzada despois polo es-

¹⁸ No ano 1793 os portos de Carril e de Ribadeo foron habilitados para importar liño e cânabo estranxeiros. Para Meijide Pardo (1971, p. 87) esta habilitación é o resultado da petición formulada polo “*influyente cuerpo de comercio de la ciudad de Santiago*” nun recurso presentado á Coroa en defensa dos intereses materiais de Carril e de Ribadeo.

tablecemento da liña de ferrocarril Santiago-Carril inaugurada no ano 1873 (Pose Antelo, 1982).

Como en xeral en toda a Galicia atlántica, e como xa sinalamos no caso de Brión, a mediados da centuria decimonónica en toda a ampla veiga de Padrón domina o “policultivo de subsistencia”, que descansa na alternancia de cultivos básicos (millo, centeo...) con outras producións agrícolas e co mantemento dunha cabana gandeira, de vacún fundamentalmente xunto cunha non desbotable presenza do cabalar e do mular. Tamén neste concello a ampliación da función produtiva do monte, necesaria para poder manter a armazón agraria tradicional, non foi un atranco fundamental para o aproveitamento da súa importante riqueza forestal.

Pascual Madoz no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* anota para finais da década de 1840 que en Padrón: “*Las producciones más comunes son el maíz, trigo, centeno, vino, legumbres, lino y frutas; cria ganado vacuno, mular, lanar y de cerda; hay caza de liebres, conejos, perdices y codornices; se pescan truchas, anguilas y otros peces. Industria: agrícola, molinos, telares y varios oficios de primera necesidad, y alguna marinería. Comercio: el que le proporciona el Ulla, que admite embarcaciones regulares hasta el puente de Cesures*” (Madoz, 1845, t. II, p. 960)¹⁹. A crise da industria rural doméstica por eses mesmos anos e a súa adaptación ás novas circunstancias, así como algo máis tarde a inauguración no ano 1873 da liña de ferrocarril que unía Santiago de Compostela co porto arousán de Carril terán importantes repercusións comerciais e de toda índole na comarca padronesa.

No ano 1913, segundo a información recollida no Anuario Bailly-Bailliere, Padrón contaba con catro fábricas de fío (unha delas pertencente a Ángel Ramos), unha de curtidos (coa denominación Sierra y Novo), tres fabricantes de ataúdes, unha cerería, cinco muños de fariña, fornos de pan, xastrerías, zapaterías, etc.

Transcorridos algo máis de vinte anos, no ano 1936, as producións do agro non cambiaran substancialmente aínda que xa se empezan a albiscar certas especializacións agrarias que alcanzarán unha destacada importancia na súa evolución económica. Anota a *Geografía general del Reino de Galicia* de F. Carreras Candi que “*las producciones de tan rico suelo consisten en maíz, trigo, vino, legumbres, hortalizas, lino y frutas. Entre ellas tienen merecida fama los delicados pimientos, que alcanzan un gran tamaño. El ganado que se cría en sus frescos y lozanos prados es el vacuno (que es el que más domina), el lanar, mular y de cerda. No falta caza, y en el río abunda la exquisita pesca, sobre todo la de la sabrosísima lamprea, que van a vender personalmente los tratantes por las ciudades y villas de la región*”. Cítanse tamén outras actividades como o comercio, a ourivería e a industria; dentro desta última as ramas máis importantes son: “*la de los celebrados lienzos y mante-*

¹⁹ Dous decenios máis tarde, Fulgosio (1865, p. 117), con respecto ao partido xudicial de Padrón, escribe: “*el terreno es de excelente calidad, sobre todo, en las riberas de los ríos; hay mucho arbolado y algun pasto; escasean las canteras; hay maíz, centeno, trigo, patatas y algun vino. Se cria excelente ganado vacuno, tambien lo hay caballar, mular, de cerda, lanar y cabrío; hay bastante caza, y se pescan en el Ulla anguilas y truchas*”.

lerías, que gozan de merecida fama desde bien antiguo, y la de curtidos” (Carreras Candi, 1936, vol. VII, t. 4, p. 758).

Se nos situamos nos últimos anos da década de 1980 conséntase un cambio substancial na economía comarcal con respecto a medio século antes. Xunto ás empresas tradicionais de tecidos e de curtidos destacan agora as do sector da madeira (Financiera Maderera S.A., Fraiz, S.A. e UMAGASA), a fabricación de ataúdes (Ataúdes Compostela S.A.) e o anodizado de aluminio (Aluminios Cortizo S.A.; ALUCOR, S.L. e GALIPAN, S.A.).

A conversión de Padrón nun “centro téxtil”, dentro do marco que revestiu esta actividade en Galicia, conta cunha ampla bibliografía que describe os seus momentos xerminais e dá conta dos avatares da actividade ata a súa práctica desaparición nos momentos actuais²⁰.

Como é sabido, o modelo de desenvolvemento lenceiro do dezaioito asignaba un papel decisivo a un grupo reducido de comerciantes por xunto que monopolizan as importacións de liño para a súa transformación no marco doméstico e que non se interesan por controlar os procesos de transformación nin tampouco a comercialización do produto final²¹. Entre estes destacarán, na zona de Padrón, Manuel de la Riva Moreno, Ramón Pérez Santamarina e José de Andrés García. Aínda que é de salientar, pola súa especial relevancia no caso de Padrón, que xunto a este grupo xorde outro de “medianos comerciantes” que lles compran o liño importado aos comerciantes por xunto en grandes partidas e que logo, á súa vez, véndeno a crédito aos tecedores e ás fiadeiras. Estes “novos comerciantes” combinan con frecuencia a distribución da materia prima coa comercialización do produto final, influíndo así para que a comarca padronesa se converta nunha das poucas de Galicia nas que se computen tecedores traballando durante todo o ano nesta profesión²². O sector, non obstante, non se decantaría pola incorporación de formas modernas de mecanización do proceso de traballo, á maneira que se estaban levando a cabo noutras rexións europeas produtoras de liño (que afectaba principalmente aos procesos de branqueo e de fiado).

²⁰ A mediados do século XVIII, o Catastro de Ensenada anota 252 tecedores, fronte a outros grupos profesionais que acollen a un número moito máis reducido de individuos; atópanse, xa que logo, a notable distancia doutras actividades como a realizada por ferreiros, canteiros, muiñeiros ou curtidores.

Acerca da elaboración dos lenzos, Labrada situaba no ano 1804 a súa fabricación como “*la industria más principal de esta villa*”, facéndose, sinalaba, “*extracciones considerables a otros pueblos y puertos de la Península, embarcándose desde estos últimos algunas partidas a Buenos Aires; hállanse en ella y en los términos de su jurisdicción más de setenta y cuatro telares de lienzo y estopa, en que se ocupan unas ciento y cincuenta personas*” (Labrada, 1804, p. 62). Como é sabido, no último cuarto do século XVIII terá lugar unha notable expansión dos mercados de lenzos galegos, unha vez superada a limitación que supoñía o abastecemento da materia prima, grazas á importación de liño ruso (Dopico, 1978; Carmona Badía, 1990; Saavedra, 1983).

²¹ Ramón Pérez Santamarina e José de Andrés García estaban emparentados por matrimonio na segunda xeración. Os tres destacan pola súa vinculación con Padrón e co porto de Carril, desde o seu centro de actuación de Santiago, pero que comprende un amplo raio de alcance. Para os casos concretos de J. de Andrés García e de R. Pérez Santamarina, véxase Barreiro Fernández (1988, 2001) e tamén Carmona (1990). Para Manuel de la Riva Moreno, véxase Barreiro Fernández (2006).

²² No resto de Galicia, o máis frecuente é que os tecedores se dediquen a esta actividade unicamente durante tres ou catro meses ao ano.

Os avatares que afectaron á produción de lenzos no marco doméstico tiveron unha especial incidencia no ámbito padronés. Está ben estudado como xa desde principios do século XIX os lenzos galegos atopan importantes dificultades para lle facer fronte á competencia dos producidos noutras zonas de Europa, nas que con anterioridade se procedera á mecanización do fiado (Carmona Badía, 1990). Por este e por outros motivos de política fiscal, comerciantes por xunto que monopolizaran a importación de liño ruso oríentanse cara a outras actividades manufactureiras. De maneira significativa e polo que respecta á comarca do Sar, optarán polo curtido das peles. É ben representativo o exemplo protagonizado polos herdeiros de José de Andrés García, que mercan no ano 1820 a antiga fábrica de curtidos da Matanza (Padrón).

A situación da lencería padronesa, como en xeral a do conxunto de Galicia, viu-se agravada polo establecemento do arancel do ano 1841, que incorporaba unha importante redución nos dereitos aduaneiros pagados polos fiados de liño estranxeiros. A ruína da fiatura na comarca descríbese así o Concello de Padrón: *“La villa del Padrón y su parroquia de Sta. María de Iria ha sufrido el mayor de los males: desapareció su industria desde el momento en que entraron en España las ilazas(sic) de Irlanda y Escocia quedando absolutamente pospuestos los lienzos del país, en cuyas manufacturas se empleaban algunos miles de brazos”*²³.

A emigración sería a saída “natural” á crise do sector. Apunta Rama Patiño (1992, p. 118) que *“aunque nos es imposible determinar con exactitud la incidencia real que esta crisis tuvo como factor de expulsión de la población, nos parece significativo que en el barrio de Trabanca, dentro del núcleo urbano de la villa, y por tanto uno de los lugares donde la dedicación a esta actividad a tiempo total debió de ser mayor, en el año 1854 la profesión de tejedor sea la declarada en los padrones como la ejercida por el 85,1% de los varones casados ausentes que son cabezas de familia”*. Recordemos tamén que o ano 1854 é o cimeiro da crise agraria que comoveu as estruturas da economía e da sociedade galega, e que tivo o seu reflexo na agudización da emigración (Rodríguez Galdo e Dopico, 1981).

O recurso a un maior control do capital mercantil no proceso de produción lenceiro, unha práctica menos estendida na organización do sector en Galicia, permitiu que, con todo, por un tempo a comarca de Padrón fose a única zona de Galicia na que perdurou o sistema de produción doméstica. Unha permanencia que, en efecto, foi posible ata ben entrado o século XX pola actuación dun grupo reducido de comerciantes da zona, que procederon a importar fiados estranxeiros que logo subministran directamente aos tecedores (Carmona Badía, 1990, pp. 201-204) e comercializan o produto final. Deste xeito, grazas a este renovado sistema de *putting out* lograríase a supervivencia da lencería padronesa ata os inicios do século XX.

Un aspecto especialmente relevante en relación coa produción téxtil é o da feminización do traballo no proceso de tecido. Lembremos que en Padrón esta activi-

²³ Citado por Carmona Badía (1990, p. 199).

dade foi durante as etapas anteriores case exclusivamente masculina, alterándose esta situación na segunda metade do século XIX na medida en que foi gañando importancia a dedicación das mulleres a esta tarefa. Na parroquia de Iria “había en 1842 sólo un 7% de tejedoras por un 93% de tejedores, en 1877 la proporción de las primeras alcanza ya un 41%, y en el Padrón Municipal de 1915 son mujeres el 63% de las personas dedicadas al tejido” (Carmona Badía, 1990, p. 203). Este cambio hai que relacionalo coa importante emigración de varóns cara a Uruguai, a Cuba, a Cádiz ou a Portugal. Un capítulo este, por outra parte, o da feminización da produción lenceira, que está inserido noutro máis global da feminización do traballo na economía familiar por efecto da emigración, como estudamos noutro traballo (Rodríguez Galdo, Freire Esparís e Prada Castro, 1999).

4. FORMACIÓN DO TECIDO MANUFACTUREIRO PADRONÉS E O CICLO DE VIDA DAS EMPRESAS

Os *Libros de matrícula industrial*, localizados no Arquivo Municipal de Padrón, constitúen a principal fonte para reconstruír a historia das empresas máis destacadas da comarca, así como para coñecer polo miúdo as actividades industriais que se desenvolveron no período 1888-1949. A información que nos proporciona esta fonte é especialmente útil, aínda coñecendo as eivas de toda fonte fiscal, porque rexistra o nome do contribuínte, o domicilio da empresa e a “*profesión, arte u oficio por el que contribuye*”. Precisamente, este último epígrafe é o que se revelou de maior importancia, dado que nel se describen polo miúdo todas as actividades ás que se dedica a empresa, así como as instalacións coas que conta. Tamén analizamos a relación de altas e baixas de empresas para cada ano económico, o que nos permitiu precisar con maior exactitude o mantemento en funcionamento dos diversos establecementos industriais.

A empresa máis representativa do sector téxtil será a fundada no ano 1886 polo zamorano Ángel Ramos García²⁴. Cómpre sinalar que nos *Libros de matrícula industrial* do Concello de Padrón non figura Ángel Ramos como contribuínte ata o ano económico 1890-1891. Nese momento rexístrase que a “*profesión, industria, arte u oficio por el que contribuye*” consiste nunha “*fábrica de tegidos (sic) de lienzo de lanzadera o volantes, 31 telares*”²⁵. Nesta situación mantense ata o mes de novembro do ano 1894, data na que Ángel Ramos consta na relación de industriais que se dan de baixa na contribución industrial. Posteriormente, forma unha sociedade con Carlos Pazos Varela –a *Sociedad Ramos y Pazos*– que no ano 1907 contaba con “*fábrica de tegidos (sic) con 4 telares para telas de algodón, fábrica*

²⁴ Ángel Ramos casara en primeiras nupcias cunha muller da familia Orense, destacados importadores na veciña localidade de Pontecesures. Xa viúvo casou con Pilar Mella, coa que tivo dez fillos, e que sería a súa continuadora na empresa familiar.

²⁵ 2º Ejemplar de la matrícula de subsidio industrial formada por esta Administración para el año económico 1890-91.

con 4 telares para lienzos ordinarios, fábrica con 10 telares para lienzos finos y un aparato para aprestar movido a vapor anexo a su fábrica”²⁶. Un ano máis tarde a sociedade xa se disolvera e Ángel Ramos quedou só á fronte da empresa.

A razón “Ángel Ramos” non se limitou á comercialización do produto final senón que antes se encargou do abastecemento do liño fiado aos tecedores. Segundo cálculos achegados por un dos seus descendentes²⁷, chegaron a traballar baixo a supervisión da empresa en torno a catrocentos tecedores. A materia prima procedía fundamentalmente de Inglaterra²⁸ e tamén de Riga, segundo consta no arquivo particular da familia. Os vapores desembarcaban o liño en Vilagarcía, que logo era transportado en barcazas ata Pontecesures. Unha vez confeccionados os lenzos nos talleres familiares, a súa comercialización realizábase a empresa exportándoos a diferentes puntos de España e, no continente americano, a Cuba e Brasil. Nesta primeira etapa a mercadoría consistía maioritariamente en “*tegidos (sic) de lino labrados y llanos*”. O sistema de produción doméstica perdura cando a finais do século XIX se inicie a substitución do liño polo algodón. No ano 1893 hai constancia documental de que a empresa embarcou con destino á Habana “*veintidós kilos y seiscientos gramos de encajes de algodón*”.

No ano 1918 morre o fundador da empresa e quedan á fronte dela a súa viúva e dous fillos, Julián e Manuel, o primeiro dos fillos como encargado das funcións directivas e o segundo da organización técnica. A partir deste momento a sociedade pasou a denominarse “Viuda de Ángel Ramos”. O sistema de produción mantívose practicamente inalterado ata os primeiros anos da década de 1930, momento no que a empresa se decanta pola produción fabril moderna coa instalación de teares mecánicos²⁹, que desde o primeiro momento funcionaron con enerxía eléctrica³⁰. Os anos de maior auxe de produción para a empresa “Viuda de Ángel Ramos” foron os da Guerra Civil, cando a fábrica foi militarizada e os traballadores tiveron que traballar a tres quendas³¹ para poder darlle satisfacción á gran demanda da zona rebelde, nun momento en que Cataluña, a máis importante zona produtora de tecidos de algodón, permanecía fiel ao Goberno constitucional da Segunda República.

Superado o atranco da inmediata posguerra³², entre o ano 1950 e a década de 1970 a fábrica mantivo unha elevada produción, favorecida pola política restritiva á

²⁶ *Matrícula Industrial para el año económico 1906-1907*.

²⁷ Información proporcionada por Julián Ramos Stolle, neto do fundador da empresa.

²⁸ Apúntase na tradición familiar que posiblemente facilitada polas boas relacións que a familia Ramos mantiña coa familia Trulock (ascendente materna directa do premio Nobel padronés, Camilo José Cela).

²⁹ Había dous tipos de teares dependendo do tecido que elaboraban. Os denominados “jamard” producían tecidos de rizo e os de “maquineta” producían tecidos para elaborar mantelerías (con debuxos máis sinxelos).

³⁰ Os teares foron comprados por Julián Ramos Mella en Cataluña, e unha parte deles eran xa usados (polo que entendemos que empregaron maquinaria obsoleta para os cataláns). Outros eran novos.

³¹ O número de teares mecánicos pasou de 2 a 17 entre os anos 1936 e 1940, segundo consta nos *Libros de matrícula industrial* dos correspondentes anos.

³² No ano 1949 a empresa contribuíu na matrícula industrial por 62 “*telares mecánicos sin aparato jamard*”.

importación, ao tempo que o forte desenvolvemento dos anos sesenta estaba aumentando a capacidade adquisitiva da poboación. Ademais dos tecidos de “rizo” (empregados para facer toallas) e os “lisos” (para as mantelerías), tamén se fabricaban alfombras, para as que se precisou importar la. A produción diríxese nestes anos a diferentes mercados galegos, así como a Asturias, Madrid e León. En todo este período non se introduciron innovacións técnicas de importancia no proceso produtivo da fábrica.

Fóra xa do período estudado, sinalemos que as dificultades dos anos setenta levarían á fábrica a solicitar acollerse aos beneficios do Plan de reestruturación da industria téxtil algodoeira. A actividade fabril restrinxíuse entre os anos 1970 e 1980, mantendo en actividade tan só dezaseis teares. A imposibilidade financeira de substituír a maquinaria obsoleta por tecnoloxía moderna, sumado ao elevado custo da materia prima, levaron á continua debilitación da empresa ata producirse no ano 1995 o cesamento total da súa actividade³³.

As vías de evolución da produción téxtil, exemplificadas pola empresa de Ángel Ramos (recordemos protagonizadas primeiro polo liño e despois especialmente polo algodón), permítenos explicar a persistencia en Padrón, durante todo o século XIX e parte do XX, dun certo número de pequenas empresas familiares dedicadas á actividade téxtil. Así, na *Copia de la matrícula de subsidio formada para el año económico de 1888 a 1889* consígnanse a Benigno Otero Artime, Isidoro de la Riva y sobrinos, Raimundo de la Riva, Riva Molino e hijo, Sucesores de Antonio de Orense Puertas. No ano 1908 aparecen J.R. Rey de la Riva, Viuda de Andrés de la Riva, Puertas Roa y Compañía, Gerardo Roa Guzmán, Martínez Puerta y Roa.

Entre as anteriores firmas padronesas que destacaron na produción téxtil cómpre destacar a Gerardo Roa Guzmán por ser o empresario que introduciu máis cedo –no ano 1908– teares mecánicos movidos por enerxía hidráulica na súa fábrica de tecidos. Así mesmo, cando a empresa xa figuraba coa denominación “Viuda e hijos de Gerardo Roa Guzmán”, no ano 1920, introduciron o primeiro “aparato para aprestar movido por enerxía eléctrica anejo a su fábrica”³⁴.

Padrón destacou tamén na curtición tradicional de peles sendo, en efecto, unha actividade que con certos cambios conseguiu manter unha presenza máis continuada no tempo, pois prolóngase ata a actualidade. O curtido con procedementos tradicionais, que non cambiaran substancialmente desde a Idade Antiga, posibilitou que Galicia fose unha rexión líder nesta produción manufactureira a mediados do século XIX. A non incorporación do curtidoiro galego aos métodos rápidos de curtido, baseados na utilización de extractos tánicos e de bombos xiratorios que facilitan a penetración dos extractos na pel, significaría a obsolescencia do sector como xa se

³³ A empresa tiña dous centros de comercialización propia en Santiago de Compostela e en Padrón que subsistiron ata o ano 2002.

³⁴ *Contribución industrial. Año 1920.*

empeza a percibir no último cuarto do século XIX³⁵. Isto provocará que os curtidoiros galegos terminen especializándose na produción de sola, por ser a única rama do sector que podía resistir a competencia das industrias transformadoras (Carmona Badía, 1990a, p. 34).

Como estudamos noutro lugar (Freire Esparís, 2000), a única empresa que conseguiu introducir os novos procedementos técnicos de curtido, xa utilizados con anterioridade en Cataluña, foi a padronesa, con denominación comercial “La Matanza”, adquirida a finais do século XIX pola activa sociedade de Cesures “Novo y Sierra”³⁶. No ano 1903 a sociedade figuraba no *Libro de matrícula industrial* contribuíndo polas actividades de “*un molino para molturación de maíz con una piedra movida a gas*”, “*otro molino para moler corteza movido por gas anejo a su fábrica de curtidos*” e unha “*fábrica de curtidos con 70 metros cúbicos que alcanzan los pilos y noques*”. A empresa adquire no ano 1908 os primeiros bombos xiratorios de curtición rápida, ademais de introducir no proceso o uso de extractos tánicos en substitución da casca de carballo, co que se consegue reducir considerablemente o proceso de curtición da pel.

Despois da Guerra Civil chegou a Padrón o empresario catalán Ignacio Zaragoza Salvado, dono dunha empresa de pel e curtición en Barcelona, o que dará lugar á fusión de Novo y Sierra co grupo catalán, e á formación da sociedade Zaragoza-Novos y Sierra (Zaise). Durante estes anos iníciase a substitución da curtición con extractos vexetais pola curtición ao cromo. Así, no ano 1942 a empresa contribúe con “*un bombo de curtir al cromo con 5750 m³*” e con “*tres bombos de curtir al tanino con 17.250 m³*”. Ademais, segundo consta nunha declaración xurada que a sociedade Novo y Sierra lle presenta á Administración no mes de decembro do ano 1941, a fábrica conta cun tren de fabricación de correas, cinco máquinas para dividir, estirar, cilindrar, rebaixar e abrillantar as peles, e cun bombo de engraxamento de 3 m³.

No ano 1952 desfáise a anterior sociedade e os Novo y Sierra deciden vender as súas accións ao empresario catalán. A empresa pasa a denominarse Pielas, Curtidos y Lanás, S.A, tamén chamada Picusa. É neste período cando as innovacións técnicas son máis importantes, xa que se procede á utilización plena do sistema de curtición ao cromo, o que dará lugar a que no ano 1973 ocupe o posto trinta e seis dentro das cincuenta maiores empresas de Galicia e que conte con 550 obreiros no cadro de persoal. Será precisamente esa capacidade de adaptación ás novas técnicas,

³⁵ *La Memoria sobre la industria tenera en Galicia*, realizada por A. Muro y Goiri no ano 1872 infórmanos que nesa data había na provincia da Coruña unhas 36 fábricas de curtidos pechadas e quedaban 50 en funcionamento. Noutro informe do ano 1888, Cosme Fernández Soler contabiliza só 26 curtidoiros para a provincia de Pontevedra. No caso da cidade de Santiago de Compostela, un dos maiores centros galegos produtores de curtidos, pasouse de 14 fábricas no ano 1841 a 11 no 1876. Logo prodúcese unha recuperación no seu número, no ano 1916 hai 16 fábricas e, a continuación, entra nun claro declive contando con só 5 no ano 1936. A liquidación deste sector manufactureiro provocou que entre finais do século XIX e principios do XX Galicia pasase a un segundo plano no ámbito español. Para o caso de Santiago de Compostela véxase Carmona e Fernández (2003).

³⁶ A sociedade “Novo y Sierra”, no ano 1918, no veciño Pontecesures pon en servizo un muíño eléctrico de dúas pedras para moer trigo, centeo e millo, que daba emprego a dous muíñeiros.

aínda que non as máis modernas introducidas no curtidoiro, o que posibilitará a súa supervivencia ao longo do século XX, mentres desaparecían a maioría das empresas do sector.

Unha actividade que concitou grandes expectativas, e que non chegou a conformalas, foi a fabricación de azucre de remolacha na veiga de Padrón, unha industria que se mantivo durante uns poucos anos e con serias dificultades para subsistir. A “Sociedad Anónima Azucarera de Padrón” inicia a súa vida empresarial o 29 de novembro de 1899. En febreiro dese mesmo ano constituírase no veciño Concello de Pontecesures a sociedade “Azucarera Gallega”, promotora da azucreira de Portas. Na de Padrón, o consello de administración, presidido por D. Alfonso Osorio de Moscoso y Osorio de Moscoso, duque de Terranova, estaba integrado por D. Augusto Comas y Blanco como vicepresidente, por D. Carlos Pazos Varela como xerente, e por D. Teófilo Benar y Segnier, D. Eduardo Gasset Chinchilla, D. Saturnino Calderón Ceruelo, D. José Roig y Domas e D. Marcelino Varela Artime como vogais. A *Azucarera*, fortemente vinculada á persoa de Alfonso Osorio de Moscoso por ser o verdadeiro artífice da súa construción e posta en funcionamento, foi inaugurada oficialmente no ano 1901. Non pode sorprender a elección do momento, se cadra si a do lugar, posto que esta industria gozaba dunha forte protección fronte ao exterior e nela era posible obter contiosos beneficios³⁷. A erección da *Azucarera* garda relación coa etapa final do imperio español, que se pecha coa perda de Cuba e de Porto Rico. Intentábase agora substituír o azucre cubano polo de produción propia a partir do cultivo de remolacha.

Aínda que a constitución da “Sociedad” data do ano 1899, non será ata o mes de novembro do ano seguinte cando figure na declaración de altas da *Contribución industrial y de comercio*. Nese momento asígnanselle as actividades de “*fábrica de azúcar de remolacha con 12 difusores de 42 hectolitros cada uno*”, “*fábrica de refinación de azúcar con 9 turbinas*” e unha “*fábrica de luz eléctrica que produce 114 kilowatios de promedio de produción diaria destinada al uso exclusivo de la fábrica de azúcar*”. No mes de xullo do ano 1903 rexístrase a nome da sociedade outra instalación consistente nun taller de reparacións que dispón dun “*torno y un taladro movido por gas y una máquina de taladrar movida a mano*”. A maquinaria importouse directamente de Alemaña e a mesma procedencia tiña o persoal técnico encargado de supervisar a posta en funcionamento da fábrica.

A Sociedade adquiriu terreos na parroquia de Iria que abarcaban unha extensión de 5,98 hectáreas situadas xunto á liña de ferrocarril. A materia prima –a remolacha– na súa maior parte procedía de Aragón, cunha pequena representación de produción remolacheira local. É de destacar que os campesiños padroneses se amosaban receosos ante o seu cultivo debido á crenza de que a remolacha queimaba os te-

³⁷ “Los beneficios extraordinarios conseguidos por las empresas azucareras animaron a otras muchas a establecerse, de forma que en sólo tres años –1899 a 1902– se construyeron 31 fábricas azucareras...” (Martín Rodríguez, 1987, p. 302).

reos. E non esquezamos que un cultivo “comercial” coma o da remolacha azucreira tiña dificultades para inserirse nunha agricultura aínda asentada no que coñecemos como “policultivo de subsistencia”. A fábrica puido manter a súa produción grazas aos envíos de materia prima procedentes das grandes plantacións aragonesas da baronesa de la Joyosa, sogra do duque de Terranova, o verdadeiro impulsor da azucreira; envíos que se viron favorecidos polo acceso inmediato ao ferrocarril que a empresa podía aproveitar.

A fábrica viviu unha serie de dificultades á morte do seu principal artífice, que acabaría levándoa ao cesamento da súa actividade que se produce xa no ano 1904. Cando E. Carré Aldao escribe para a *Geografía del Reino de Galicia* no ano 1936 constata que “cuando la implantación de la industria remolacho-azucarera, fue Padrón punto elegido para montar una excelente refinería, pero dejó de funcionar al formarse el trust” (Carré Aldao, 1936, p. 761). Lembremos que a creación de diversas fábricas azucreiras nos anos finais do século XIX, obedecendo ao intento de substituír a produción de azucre de cana de procedencia cubana polo azucre de remolacha, deu lugar a unha situación de sobreprodución de azucre, que superaba con creces a demanda española. Coa finalidade de regular a competencia entre produtores creouse no ano 1903 a *Sociedad General Azucarera* (Jiménez Blanco, 1986), na que non se integraron todas as fábricas, pero si a de Padrón, creándose así unha forte competencia entre os dous grupos, que finalmente tivo como resultado unha importante redución do prezo do azucre e dificultades de moitas empresas para manterse en funcionamento, como é o caso da azucreira de Padrón.

No ano 1927, nun artigo publicado na revista *Eco de Galicia* da Habana, José Cardós denunciaba que “*Quien quiera que por ferrocarril haga un recorrido desde Pontevedra a Santiago, podrá ver próximo a la vía del tren dos magníficos edificios en estado ruinoso que por un exceso de amor propio y falta de compenetración entre sus propietarios y los agricultores de esta región hace que los elementos con sus efectos destructores vayan poco a poco haciéndolas desaparecer hasta que no queden ni los cimientos, cuando precisamente, podrán ser dos fuentes de ingresos que por sí solas se bastan para proporcionar el bienestar a una muy extensa comarca. Estas son: las azucareras de Caldas y Padrón*” (Cardós, 1927). Finalmente, esta última acabou sendo utilizada durante a posguerra como campo de concentración para presos políticos³⁸.

Outra actividade que cómpre destacar é a fabricación de lámpadas. Neste caso, foi a sociedade Iria, S.A. a promotora dunha instalación fabril na localidade de Iria que, no momento da súa posta en funcionamento no ano 1933, contaba cunha fábrica de gas e outra de lámpadas de filamentos. A medida que se vai ampliando a empresa aparecen outras actividades complementarias realizadas por habitantes da

³⁸ Sar (1999) apunta a este respecto que “por aquel entonces (posguerra) existía un campo de prisioneros de guerra en el recinto de la vieja azucarera iriense y los pobres hombres, que tenían libres todas las horas del día, se entretenían en curiosísimos trabajos manuales, uno de los cuales consistía en construir preciosas cajas-joyeros a base de papel”.

contorna parroquial pero que figuran nos libros de matrícula industrial como contribuíntes totalmente independentes da “Fábrica de lámparas incandescentes”. Son os casos de Estanislao Pérez Rey, propietario e director técnico dunha fábrica de cascos para lámpadas eléctricas³⁹, domiciliada en Iria, e o de Ángel Valverde Prado, que conta cun “*horno de vidrios planos o huecos con 4 crisoles*”⁴⁰.

Polo que respecta a unha actividade como a madeireira, que ao longo do século XX iría adquirindo unha especial relevancia ata ser hoxe a comarca asento de importantes empresas do sector, as primeiras mencións a establecementos industriais neste subsector remóntanse ao ano 1908. Neste ano, Jesús Loureiro Souto instalou un serradoiro no lugar de Paraíso –en Iria– que consistía nun “*taller de aserrar madera con una sierra sin fin de 88 centímetros movida a vapor*”⁴¹. Será a partir do ano 1920 cando este tipo de instalacións se fagan máis importantes polo que respecta ao seu número e á súa capacidade de transformación da madeira. Así, nesta data, Gerardo Roa Lago puxo en funcionamento un taller con tres serras sen fin movidas con vapor na rúa do Carme (Padrón)⁴²; e Rogelio Figueroa Vázquez estableceu unha serra sen fin movida polo mesmo tipo de enerxía no lugar da Matanza. Seguidamente, nos anos 1929 e 1931 temos constancia documental da creación de dous novos serradoiros: un na Matanza e outro en Pousada (parroquia de Carcacía). En ambos os dous casos se trata de instalacións máis modernas, posto que o primeiro dos mencionados, pertencente a Andrés Fraile Pampín, conta con dúas serras sen fin de 90 centímetros e outra provista de carro dun metro de diámetro e, o segundo, rexistrado a nome de Adolfo Pereira Peña⁴³, dispón dunha serra sen fin ou cinta movida mecanicamente con carro coa mesma dimensión cá anterior. Este taller pasaría a titularidade de José García Paz⁴⁴ a partir do ano 1935.

Na década dos anos corenta xorden novos establecementos na Escravitude e na Picaraña e tempo despois os serradoiros de Carcacía e de Iria. Destes últimos, o primeiro continuou grazas á iniciativa de Eugenio Bustelo, un empresario da mesma parroquia que ampliou⁴⁵ e modernizou as súas instalacións conseguindo mantelo en funcionamento ata principios da década de 1990. Pero moito máis que a subsistencia destes establecementos ou a súa mesma capacidade para converterse en

³⁹ Actividade que tamén se denomina nos *Libros de matrícula industrial* como “*fábrica de objetos de lampistería*”.

⁴⁰ *Libro de matrícula industrial*, año 1942.

⁴¹ *Libro de Matrícula Industrial*, ano 1908.

⁴² Este mesmo industrial contribuía tamén cun muíño “titulado Molinera Gallega” con tres pedras para “*molturación de centeno y maíz*”, situado na rúa do Carme.

⁴³ Este industrial dispón tamén dun muíño polo que supoñemos que combinaban o aproveitamento da enerxía para as dúas actividades.

⁴⁴ O empresario José García Paz, antes de introducirse na industria madeireira, figurou como contribuínte no *Libro de matrícula industrial* correspondente ao ano económico 1924-1925 por dúas actividades consistentes en “*taller de imprimir tarjetas, circulares, facturas y otros objetos con un prensa Minerva*” e “*fábrica de botones metálicos, escudos, estrellas, etc. Por estampación con una máquina y un volante para recortar movido a mano*”.

⁴⁵ Nos momentos de maior auxe esta empresa chegou a contar con 15 obreiros.

modernas empresas, interéstanos subliñar a súa contribución á creación dunha “cultura empresarial” en torno á madeira, o que en boa parte explica a posterior instalación das que hoxe se poden considerar como as empresas máis representativas do sector, como é o caso de Finsa (Financiera Maderera, S.A.), que se constituíra ante notario no ano 1946⁴⁶. Finsa contaba na parte padronesa de Cesures cun serradoiro desde os anos da posguerra que representaría o punto de arranque da actividade deste importante grupo empresarial galego.

Con localización en Padrón mencionabamos tamén outras industrias de bens de consumo, entre as que cabe salientar unha fábrica de xabón que estivo en funcionamento desde o ano 1888 e, polo menos, ata o 1949 na Matanza; unha fábrica de bebidas gasosas en Santiago de Padrón desde o ano 1940; un taller de imprimir prensa na rúa Rosalía de Castro desde o ano 1935; unha panadería con amasadora mecánica dada de alta no ano 1933 na Matanza; e por suposto, os muíños, que nun primeiro momento funcionaban con enerxía hidráulica polo que presentaban o inconveniente de que non podían moer naquelas épocas do ano nas que baixaba o caudal do río. A primeira referencia documental sobre o emprego doutro tipo de enerxía nos muíños data do ano 1902, no que a Sociedad Novo y Sierra puxo en funcionamento un muíño cunha pedra movida por gas. Ata o ano 1935 non se empezou a utilizar a enerxía eléctrica. Neste sentido, cómpre destacar como pioneiro un muíño, con dúas rodas movidas por este tipo de enerxía, instalado na Escravidade por Santiago Daviña Asorey. Esta innovación será adoptada axiña por outros muíños xa existentes, como é o caso do pertencente á Sociedad Novo y Sierra, e por outros que se instalaron nos anos seguintes.

Como sinalabamos, destas experiencias industrializadoras nadas con anterioridade ao ano 1950, unha fábrica de pel, outra de lenzos e tecidos de algodón e un serradoiro de madeira chegaron a ter continuidade practicamente ata a actualidade, pois no caso da segunda cesa a etapa de fabricación no ano 1995 e o serradoiro de Carcacia a principios da década de 1990. E aínda que Padrón non se converteu no centro dunha comarca industrial con capacidade de arrastre para nuclear un proceso de transformación económica nesta dirección, si foi capaz de desenvolver unha certa cultura empresarial que, aínda estando lonxe do concepto de “atmosfera industrial” de Marshall, en parte explicaría a súa conversión nas últimas décadas do pasado século XX en asento dunha importante actividade empresarial centrada agora xa non só no curtido, senón sobre todo na transformación de produtos forestais (Finsa; Fraiz, S.A.), da construción (destacando a actividade do grupo Cortizo e de Exlabesa), e ás que habería que engadir outras empresas máis modestas relacionadas co consumo alimentario (fábrica de gasosas e refrescos), de conservas en Dostro, matadoiros, ata os pequenos talleres de costura que realizan parte da produción

⁴⁶ O consello de administración da Sociedade Anónima estaba formado por Manuel García Cambón (fundador, secretario e director xerente), por José Reino Caamaño (presidente) e por Antonio García Cambón, Prudencio Balliña Campos e Alfonso Reino Santiso (conselleiros) (Rico Boquete, 2006).

para outras empresas do sector. Sabemos que é nas últimas décadas do século XX cando se modifica de maneira notoria a estrutura produtiva no conxunto do municipio, como se reflicte no reparto do emprego por sectores de actividade. Os datos do ano 1991 amósannos que case a metade da poboación se dedica ao sector industrial e á construción (46%)⁴⁷, seguido polo sector servizos, que engloba o 40% do total. Mentres, o sector primario sufriu un forte descenso no mesmo período 1981-1991, reunindo o 13,7% dos traballadores na última data. Á vez, durante estes anos profundouse no proceso de especialización agrícola que pivota agora no cultivo do pemento de Herbón e na experimentación e aclimatación de novos produtos coma o kiwi e outros produtos foráneos, así como das flores, sen esquecer unha importante produción forestal⁴⁸.

BIBLIOGRAFÍA

- Anuario General de España* (1913), vol. I. Barcelona: Anuario Bailly-Bailliere y Riera reunidos.
- Anuario-Guía de industriales y profesionales. Galicia* (1989). Martecsa.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1988): “La burguesía compostelana: la familia de Andrés García”, en R. Villares Paz [coord.]: *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, pp. 269-295. Santiago de Compostela: Tórculo.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2001): “Nacemento, plenitude e ocaso da firma Compostela D. Ramón Pérez Santamarina”, en: *Entre nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, pp. 1055-1073. Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2006): “Manuel de la Riba Moreno (1780-1831)”, en X. Carmona [coord.]: *Empresarios de Galicia*, pp. 66-85. Fundación Caixa Galicia.
- BARREIRO GIL, X. (1990): *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Santiago de Compostela: Consellería de Presidencia e Administración Pública.
- BARREIRO GIL, X. (2001): “O atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX”, *Revista Galega de Economía*, vol. 10, núm. 1, pp. 63-82.
- BOUHIER, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. La Roche-sur-Yon. (Versión en galego no ano 2001).
- CARDÓS, J. (1927): “Las azucareras de Caldas y Padrón”, *Eco de Galicia*, núm. 321. A Habana.
- CARMONA BADÍA, J. (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel.

⁴⁷ Entre outras instalacións fabrís que deron emprego a unha porcentaxe importante da poboación padronesa, cómpre mencionar que no ano 1963 a empresa Financiera Maderera Sociedad Anónima (Finsa) puxo en funcionamento na veciña vila de Pontecesures unha das primeiras fábricas de tableiros de partículas existentes en España. Nos últimos anos da década de 1990, a empresa levou a cabo fortes investimentos nesta planta conseguindo utilizar o eucalipto como materia prima no canto do piñeiro tradicional (Escudero Prado, 2000).

⁴⁸ Á altura do ano 1956 a superficie arborada do Concello de Padrón cobre entre un 30% e un 50% da superficie municipal (Prada Blanco, 1991, p. 65).

- CARMONA BADÍA, J. (1990a): “Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936”, en J. Nadal e A. Carreras [dir.]: *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX y XX)*, pp. 23-48. Barcelona: Ariel.
- CARMONA BADÍA, X.; FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, M.T. (2003): *A Compostela industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Consorcio de Santiago de Compostela.
- CARRÉ ALDAO, E. (1936): “Provincia de La Coruña”, en F. Carreras Candi: *Geografía general del Reino de Galicia*, vol. VII, t. 4. Barcelona.
- CARRERAS CANDI, F. (1936): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona.
- DOPICO, F. (1978): *A Ilustración e a sociedade galega*. Vigo: Galaxia.
- DOPICO, F. (1982): “Productividade, rendementos e tecnoloxía na agricultura galega de fins do século XIX”, *Grial Historia*, anexo 1, pp. 66-81.
- DOPICO, F.; BARREIRO, X. (1978): “Os camiños da provincia de Santiago. Introducción ao estudo do transporte na Galicia do Antigo Réxime”, *El Museo de Pontevedra*, t. XXXII.
- ESCUADERO PRADO, E. (2000): “Finsa. De aserradero a «holding»”, en F. Ojea [ed.]: *Grandes empresas, grandes historias de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000): *Terra e progreso: historia agraria da Galicia contemporánea*. Vigo: Xerais.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. (2000): “Picusa. La única superviviente de la industria del cuero”, en F. Ojea [ed.]: *Grandes empresas, grandes historias de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- FREIRE ESPARÍS, M.P. (2004): *Familia, réxime demográfico e economía campesiña en Galicia nos séculos XVIII-XX. Dous modelos de evolución: Brión e Padrón*. Universidade de Santiago de Compostela.
- FULGOSIO, F. (1865): “Crónica de la provincia de La Coruña”, en C. Rosel [dir.]: *Crónica general de España*. Madrid: Sociedad Editorial Aquiles Ronchi.
- GARCÍA-LOMBARDERO, J. (1973): *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*. Madrid: Siglo XXI.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1998): *Brión. Historia, Economía, Cultura e Arte*. Noia: Toxosoutos. *Informe sobre los puertos y caminos de Galicia*. Archivo Histórico del Reino de Galicia. Sección XII. Papeles de Cornide. Legaxo 113, núm. 216.
- JIMÉNEZ BLANCO, J. I. (1986): “La remolacha y los problemas de la industria azucarera en España, 1880-1914”, en R. Garrabou: *Historia agraria de la España Contemporánea*, vol. III, pp. 280-316. Madrid.
- LABRADA, L. (1804): *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol. (2ª edición en Vigo: Galaxia, 1971).
- LIÑARES GIRAUT, X.A. (1986): *O val de Barcala (1900-1936). Agrarismo, vida política, emigración e cultura*. Santiago de Compostela: Feiraco.
- LÓPEZ TABOADA, X.A. (1986): *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Presidencia.
- MADOZ, P. (1845-54): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid.
- MARTÍN RODRÍGUEZ, M. (1987): “La industria azucarera española, 1914-1936”, *Revista de Historia Económica*, ano V, núm. 2, pp. 301-323.
- MEIIDE PARDO, A. (1971): *Economía marítima en la Galicia cantábrica en el siglo XVIII*. Universidad de Valladolid.

- MURO Y GOIRI, A. (1872): *Memoria sobre la industria tenera en Galicia*. A Coruña: Domingo Puga.
- PEÑA SAAVEDRA, V. (1991): *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- POSE ANTELO, J.M. (1982): “Aproximación histórica a los ferrocarriles gallegos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. 33, fasc. 98, pp. 313-344.
- PRADA BLANCO, A. (1991): *Montes e industria. O circuito da madeira en Galicia*. Vigo: Fundación Caixa Galicia.
- RAMA PATIÑO, M. L. (1992): “Examen de los movimientos migratorios en el municipio de Padrón en las décadas centrales del siglo XIX”, en A. Eiras Roel [ed.]: *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, pp. 113-122. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RÍO BARJA, F. X. (1962): “El valle de la Mahía: Estudio de geografía económica”, *Boletín de la Universidad Compostelana*, núm. 70, pp. 189-238.
- RÍO BARJA, F. X. (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galiciano século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- RICO BOQUETE, E. (2006): “Manuel garcía Cambón (1907-1993)”, en X. Carmona [coord.]: *Empresarios de Galicia*, pp. 460-479. Fundación Caixa Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1985): “La agricultura tradicional gallega. Crecimiento sin modernización”, *Papeles de Economía. Economía de las Comunidades Autónomas*, núm. 3, pp. 145-171.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; DOPICO, F. (1978): “La crisis agraria de 1852-1855 en Galicia y la persistencia de las estructuras tradicionales”, *Investigaciones Económicas*, núm. 7, pp. 203-217.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; DOPICO, F. (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*. A Coruña: Edicións do Castro.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X.; FREIRE ESPARÍS, M.P.; PRADA CASTRO, A. (1999): “Mujeres que emigran, mujeres que permanecen. Contribución a un estudio de la relación entre mujeres, economía campesina y emigración. Galicia, 1880-1930”, *Arenal*, vol. 6, núm. 2, pp. 265-294.
- RODRÍGUEZ TRONCOSO, A. (1995): “Papel que desempeñou Extensión Agraria na promoción de Feiraco”, en A. Liñares Giraut [ed.]: *Feiraco e o Val de Barcala. Un camiño de progreso*, pp. 248-256. Negreira: Feiraco.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. (1983): “Desarrollo y crisis de la industria textil en Galicia, 1600-1840”, *Cuadernos de Investigación Histórica*, núm. 7, pp. 113-132.
- SAR, M. (1999): “José Rodríguez Carbia. Importante y polifacético padronés”, *Pascoa*.
- SUÁREZ SUÁREZ, A. S. (1977): “Los empresarios y el desarrollo económico de Galicia”, *La Voz de Galicia*, p. 53.
- SUÁREZ SUÁREZ, A. S. (1979): *Luaña: mitos, costumes e creencias dunha parroquia galega*. Vigo: Galaxia.
- SUÁREZ SUÁREZ, A. S. (1995): “Feiraco: do sonho á realidade”, en A. Liñares Giraut [ed.]: *Feiraco e o Val de Barcala. Un camiño de progreso*, pp. 263-265. Negreira: Feiraco.
- VIGO TRASANCOS, A. (1999): “Camino de Iria Flavia. De la vía romana del itinerario Antonio al real plantío del Arzobispo Malvar (1784-1795)”, *Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, núm. 18, pp. 51-86.